



Concello de Lugo

SOLICITUDE: LICENZA DE OBRA MENOR

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

DATOS DA OBRA MENOR

LOCALIZACIÓN:		
REFERENCIA CATASTRAL:	ORZAMENTO (€):	SUPERFICIE (m ²):
OBRA (risque cun x o que corresponda):		
<input type="checkbox"/> APERTURA DE GABIAS	<input type="checkbox"/> SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA	<input type="checkbox"/> ACRISTALAMENTO
<input type="checkbox"/> ACOMETIDA DOMICILIARIA DE SANEAMENTO	<input type="checkbox"/> PINTURAS EXTERIORES	<input type="checkbox"/> LIMPEZA DE FACHADAS
<input type="checkbox"/> POZO DE AUGA	<input type="checkbox"/> SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA	<input type="checkbox"/> RÓTULO
<input type="checkbox"/> PICADO E LEVANTADO DE PAVIMENTOS	<input type="checkbox"/> IMPERMEABILIZACIÓN DE TERRAZAS	<input type="checkbox"/> CARTELEIRA PUBLICITARIA, VALOS, LONAS E MONOPOSTES ANUNCIADORES.
<input type="checkbox"/> TABIQUE	<input type="checkbox"/> CANLÓN	<input type="checkbox"/> PECHE OU CERRUME
<input type="checkbox"/> RECEBADO E ALISADO	<input type="checkbox"/> BAIXANTE	<input type="checkbox"/> REPARACIÓN DE PECHES OU CERRUMES
<input type="checkbox"/> FALSO TEITO DE ESCAIOLA	<input type="checkbox"/> REDE INTERIOR DE AUGA FRÍA E QUENTE	<input type="checkbox"/> REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS
<input type="checkbox"/> PAVIMENTO DE DIFERENTES MATERIAIS	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN OU REFORMA TÉRMICA (calefacción/auga quente sanitaria, ventilación, climatización)	<input type="checkbox"/> CORTA DE ÁRBORES
<input type="checkbox"/> CHAPADO DE PEDRA OU MÁRMORE	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN DA REDE ELÉCTRICA EN VIVENDA	<input type="checkbox"/> ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS
<input type="checkbox"/> REVESTIMENTO MONOCAPA PARA EXTERIORES.	<input type="checkbox"/> TOLDO	<input type="checkbox"/> OUTRAS OBRAS:
	<input type="checkbox"/> PECHE METÁLICO DE SEGURIDADE	
CLASIFICACIÓN DO SOLO (risque cun x o que corresponda):		
<input type="checkbox"/> URBANO CONSOLIDADO NO ÁMBITO PLAN XERAL		
<input type="checkbox"/> URBANIZABLE DELIMITADO. (Indicar sector: _____)		
<input type="checkbox"/> URBANO CONSOLIDADO NO ÁMBITO PREPI		
<input type="checkbox"/> URBANIZABLE NON-DELIMITADO. (Indicar sector: _____)		
<input type="checkbox"/> URBANO NON-CONSOLIDADO. (Indicar polígono ou unidade de actuación: _____)		
<input type="checkbox"/> RÚSTICO		
<input type="checkbox"/> NÚCLEO RURAL		

NOTA: verifique a documentación que deberá achegar coa solicitude, en ningún caso se outorgará a licenza solicitada se non se presenta a documentación requirida.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

OBRAS E INSTALACIÓNS MENORES

Considéranse como menores aquelas obras ou instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de todas as clases.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE *CON CARÁCTER XERAL, e en calquera caso:*

- Plano de situación da obra que facilitará o Servizo de Enxeñería (Topografía).
- En solo de núcleo rural identificación dos cerramentos tradicionais existentes, xustificando, se é o caso, a necesidade da súa demolición, sendo preciso a solicitude de aliñacións.
- Esbozo acoutado do que se pretende realizar (perfectamente interpretable, indicando a situación das obras dentro da edificación e das parcelas). Cando, polo tipo de obra sexa necesario, o Concello poderá esixir a presentación de planos acoutados de planta, sección e alzado do que se quere facer, acompañado de planos anexos á solicitude, nos que se reflecta perfectamente o construído actualmente, o cumprimento das condicións de volume, estética, etc., que se sinalan nas normas urbanísticas municipais de aplicación.
- Nas obras para realizar en locais comerciais, deberase incorporar plano de estado actual e reformado.
- Relación de materiais de acabado que se van utilizar.
- Orzamento real da obra.
- Se a obra afecta a unha edificación existente, indicarse a licenza de obras do inmovible.
- Fotografía ou fotografías do estado actual do local ou locais nos que se van realizar as obras.
- Autoliquidación da taxa e o imposto do presuposto de obras que se van realizar.

PARA AS OBRAS QUE A SEGUIR SE INDICAN, DEBERÁ ACHEGAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN (xuntamente coa sinalada anteriormente)

PECHE DE TERREOS:

- Esbozo do terreo, no que se indicarán os lindeiros, o ancho dos camiños estremeiros, etc., así como a zona onde se pretende o peche.
- Indicación da altura e dos materiais que se empregarán.
- Xustificación de adaptación ao contorno.
- Fotografías do terreo que se vai pechar, nas que se vexa con claridade se está ou non edificado.
- De estar o terreo edificado, acreditarase a licenza de construción desa edificación.
- Advírtese que os cerramentos e valados en solo rústico serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica supere a altura de 1 m, agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,50 m. En todo caso, deberán realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen. Non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou doutros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados.

*En solo de núcleo rural cando existan cerramentos tradicionais será obrigatoria a solicitude de aliñacións.

OBRAS EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS (instalación ou reforma):

Na memoria indicarse:

- Función da instalación: calefacción, auga quente sanitaria, ventilación, climatización, etc.
- Alcance das obras para realizar (nova instalación ou reforma).
- Potencia prevista (en kW) e enerxía empregada: electricidade, gasóleo, gas natural, butano, etc.
- Cando afecte á fachada ou a patio de edificación, plano do estado reformado da fachada ou patio, expresando as distancias das saídas de gases con respecto ós ocos de ventilación máis próximos. No caso de caldeiras de gas, ademais xustificación da situación da saída de gases.

ADVÉRTESE: entenderanse incluídas nesta categoría obras que afecten a instalacións fixas, de potencia superior a 5 kW que teñen por obxecto atender a demanda do benestar térmico e hixiene das persoas, mediante calefacción, produción de auga quente sanitaria, climatización ou ventilación mecanicamente inducida cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que se trate dunha nova instalación ou reforma integral da existente.
- b) Que afecte a elementos comúns: fachada, patio de edificación, etc.

As obras que afecten a instalacións de potencia non superior a 5 kW entenderanse como acondicionamento.

O simple cambio dalgún dos compoñentes dunha instalación térmica existente de similares características e condicións de montaxe cos primitivos, cando estes contaran con licenza municipal, non se considerará obra de reforma.

CUSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES

A. SOBRE A SUPERFICIE COMPUTABLE (módulos)

1.M ² Construción dun galpón ou alpendre.	173,89 €
2. M ² Obras de reforma en:	
1) Vivendas.	294,45 €
2) Oficinas.	291,20 €
3) Locais comerciais.	339,58 €
4) Locais de hostalería.	498,64 €

B. SOBRE UNIDADES DE OBRA (prezos unitarios)

1. M ² Nivelación terreos.	2,21 €	50. Instalación de ascensor en edificio de planta baixa e tres plantas altas	11.875,95 €
2. M ³ Escavación de terras.	4,91 €	51. Incremento por planta de instalación de ascensor.	1.583,45 €
3. M ³ Recheo e compactado de terras.	3,80 €	52. U. Lavabo.	175,68 €
4. M Apertura de gabias.	35,63 €	53. U. Bañeira ou prato de ducha	192,41 €
5. M Encanamento de saneamento enterrado.	48,38 €	54. U. Bidé.	150,59 €
6. U. Acometida domiciliaria de saneamento.	256,83 €	55. U. Inodoro.	167,32 €
7. U. Acometida domiciliaria de auga.	327,93 €	56. M ² Toldo.	94,30 €
8. U. Pozo de auga.	2.263,83 €	57. M ² Marquesiña.	283,20 €
9. M ³ Depósito de auga.	168,96 €	58. M ² Rótulo opaco	416,65 €
10. U. Instalación de fosa séptica.	1.492,81 €	59. M ² Rótulo luminoso.	576,85 €
11. M ² Demolición de tabique ou apertura de ocos.	6,17 €	60. M ² Carteleira publicitaria, valos, lonas e monopostes anunciadores (*Vexa no dorso deste impreso os requisitos e condicións esixibles neste caso.)	43,07 €
12. M ² Demolición de cubertas.	4,75 €	61. U. Instalación grúa.	1.560,35 €
13. M ² Demolición de falsos teitos.	2,45 €	62. M Peche de postes con aramado.	13,46 €
14. M ² Picado de masas ou azulexados.	5,50 €	63. M ² Peche de tea metálica con postes.	14,37 €
15. M ² Picado e levantado de pavimentos.	7,05 €	64. M ² Cerrume con bloque de formigón.	28,11 €
16. M ² Tabique de ladrillo.	14,10 €	65. M ² Cerrume con bloque acabado especial.	48,34 €
17. M ² Tabique tipo "pladur"	26,75 €	66. M Cerrado de chantos.	32,77 €
18. M ² Recebado e alisado.	11,28 €	67. M Cerrume con bloque e tea metálica.	43,39 €
19. M ² Falso teito de escaiola.	16,82 €	68. M ³ Cerrume con cachotería, pedra ou lousa.	380,67 €
20. M ² Pavimento de cemento ou terrazo.	21,49 €	69. M ² Peche metálico.	71,92 €
21. M ² Pavimento de gres, PVC ou moqueta.	32,46 €	70. M ² Peche fundición.	114,61 €
22. M ² Chan de madeira.	44,42 €	71. M ² Porta entrada a parcela:	
23. M ² Pavimento de pedra ou mármore.	79,97 €	Metálica.	112,93 €
24. M Banzo ("peldaño").	20,74 €	Fundición.	259,36 €
25. M ² Azulexado.	33,01 €	72. U. Entrada a parcela, incluída canalización.	484,38 €
26. M ² Chapeado de pedra ou mármore.	85,71 €	73. M ² Reposición de beirarrúas.	48,45 €
27. M ² Pintura plástica interiores.	5,35 €	74. M Execución gabia.	63,58 €
28. M ² Panelado de madeira.	30,67 €	75.- Corta de árbores, por unidade:	
29. U. Porta blindada de madeira.	896,51 €	Coníferas e frondosas (agás carballos e castaños):	
30. M ² Substitución carpintería de madeira.	164,37 €	Ata 20 cm de diámetro:	61,80 €
31. M ² Substitución carpintería de aluminio.	208,74 €	De 20,01 € a 30 cm de diámetro:	82,40 €
32. M ² Substitución carpintería PVC.	216,22 €	De 30,01 € a 40 cm de diámetro:	118,45 €
33. M ² Substitución de carpintería metálica.	89,06 €	De 40,01 € a 50 cm de diámetro:	154,50 €
34. M ² Peche metálico de seguridade (reixas).	123,75 €	De máis de 50 cm de diámetro:	257,50 €
35. M ² Acrisolamento con vidro normal.	42,63 €	Carballos e castiñeiros:	
36. M ² Acrisolamento con vidro "Climalit".	96,19 €	Ata 20 cm de diámetro:	133,90 €
37. M ² Acrisolamento con vidro de seguridade.	151,73 €	De 20,01 € a 30 cm de diámetro:	154,50 €
38. M ² Limpeza de fachadas.	7,28 €	De 30,01 € a 40 cm de diámetro:	226,60 €
39. M ² Limpeza e rexuntado fachadas granito.	7,28 €	De 40,01 € a 50 cm de diámetro:	324,45 €
40. M ² Pintura exteriores.	7,95 €	De máis de 50 cm de diámetro:	463,50 €
41. M ² Revestimento monocapa para exteriores.	14,70 €	A escala de diámetros de tronco ou fuste mídese a 1,20 metros dende o chan portante.	
42. M ² Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa.	50,58 €		
43. M ² Substitución de acabado de cuberta lixeira tipo fibrocemento.	24,28 €		
44. M ² Impermeabilización de terraza.	18,36 €		
45. M Canlón.	14,29 €		
46. M Baixante.	17,38 €		
47. U. Rede interior de auga fría e quente.	627,48 €		
48. U. Instalación completa de calefacción en vivenda.	4.308,69 €		
49. U. Instalación da rede eléctrica en vivenda.	2.217,08 €		

**Os requisitos e condicións esixible serán os seguintes:*

- A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal.
- Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria.
- As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil.
- Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza.
- Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cm, pintado de cor.
- Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros.
- O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada.
- Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra, e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros.